


Magosto





Facemos un Magosto



Os rapaces e rapazas da aldea de Varcia decidiron facer un magosto. Un sábado, despois de xantar, colleron tres latas baleiras e fixéronlle uns buratos no cu.

- O mellor sitio para facer o magosto é o souto de Verducido,

- dixo Ana, metendo as latas nun saco-: Hai moitos castiñeiros e teremos castañas de abondo.

- Boa falta han facer, que somos moitos -dixo Antón-. Olaia e Afonso xa están preparando as bebidas, así que é mellor ir marchando cara alá.

Cando chegaron ao souto buscaron castañas, abrindo cos pés os ourizos que había no chan, mentres que Ana e Marco ían acendendo a fogueira e poñendo unhas pedras arredor para que non plantase lume por fóra. De alí a pouco xa tiñan moitas castañas, que xuntaron enriba dunhas follas secas. Puxéronse todos a picalas para que non estoupasen.

-¿Quen é o parvo que colleu as mirradas tamén? -dixo Sabela toda enfuciñada- Moitas non serven e hai que tirar con elas.

- Deixade algunhas castañas sen picar, para que salten.

- Iso, a ver se lle dan nun ollo a un- dixo Inés sorrindo-. Aquí veñen coa bebida.

Polo camiño arriba viñan Olaia e Afonso falando e rindo. Artur preguntou:

-¿E logo Antón non ven?

-Agora ven, que foi á casa da tía cun recado da nai.

De seguido puxeron as latas cheas de castañas enriba das brasas. Mentres non asaban, os rapaces e rapazas pasaban o tempo tirándose ourizos baleiros e facendo falcatruadas. Axiña chegou Antón traendo algúns chourizos para asar tamén.



Despois todos se sentaron para comer as castañas e os chourizos. Algunhas castañas saltaron das latas e unha deulle a Sabela no nariz. Marco colleu unha que estaba chamuscada e pintoulle a Uxía un redondel na cara. Ela foi correndo tras del, tirándolle ourizos do chan. Pero a cousa non foi a máis.

Puxéronse a cantar cantigas, levando o ritmo coas latas e con paus. Como xa empezaba a anoitecer, botaron terra nas brasas e recolleron as latas e as botellas. Despois baixaron para casa contando chistes. Artur díxolle polo baixo a Inés:

-Paseino moi ben. Deberíamos facer cousas destas tódalas semanas.

-Non tanta présa - respondeu Inés -. Xa chegará o Nadal e o Entroido.

1



• Vamos fazer o magosto. Da vez que só hai lume. Elixo as cousas que faltan.



• Une con frechas



maceira

souto



carballo

pomar



piñeiro

carballeira



castiñeiro

piñeiral

• Pon o nome e coloreá





• Busca na Sopa de letras os nomes que corresponden a estes debuxos





d	k	j	k	f	l	s	m	q
f	e	s	t	o	u	p	a	r
u	u	t	x	l	m	s	g	l
d	t	i	s	l	e	r	o	g
s	r	l	z	a	d	r	s	r
f	t	l	z	s	f	t	t	t
c	h	o	u	r	i	z	o	x





• Le, recita e canta. Logo podes completar e colorear o debuxo



O Magosto



Plaf, plaf, plaf, plaf
Caen follas a modiño;
plaf, plaf, plaf, plaf,
pinga, pinga, pinga sen parar.



Noces e castañas
crac, crac, crac,
tap, tap, tap.



Cogumelos e mazás
chup, chup, chup,
ñam, ñam, ñam



Marta Lopez





• Que é un bosque? _____

• Imos facer unha saída polo bosque.

Fixate moito, xa que despois debes cubrir esta ficha.

¿Como se chama o lugar onde fuches? _____

¿Cando fuches? _____

¿Que tempo ía? _____

¿En qué estación estamos? _____

¿Fixácheste nas cores? _____


¿Que animais atopaches? _____

¿Que plantas e árbores viches? _____


¿Que ruidos escoitaches? _____

¿Que olores recoñeciches? _____

• Debuxa o que viches no bosque



• Pola outra cara da folla debuxa un ourizo e unha castaña. Pega tamén unha folla dun castiñeiro e un calco da súa cortiza.





• Os nosos amigos e amigas do conto tiveron que compartir os traballos para, entre todos, poder facer unha bonita festa. Escribe as cousas que tiveron que facer: _____



• ¿En que labores queres participar ti cando fagades o magosto?

• ¿Que fixeron os nenos de Varcia para deixar limpo o souto no que celebraron o magosto? _____

• ¿Que cres que fixeron despois co lixo? _____



• ¿Farías ti o mesmo?. ¿Por que é necesario manter limpa a natureza? _____



• Une con frechas as palabras que teñen un significado semellante.

Medrar
Carreiro
Cargado



Cheo
Aumentar
Corredoira

Crecer
Acugulado
Camiño



• No conto aparecen as seguintes palabras: **cu, pés, ollo, nariz, cara.**
Telas que atopar e suliñar.

• Ponlle os nomes que corresponden ás partes do corpo destes debuxos



• Le con atención este texto:

"Os nenos que vivían en Verducido pensaron en facer un magosto no que ían beber e comer castañas no monte. Alí xogaron, riron e cantaron cantigas"

• Fai como no exemplo:

Cantar cantigas
 Vivir _____
 Pensar _____
 Beber _____
 Comer _____
 Xogar _____
 Rir _____





- En Galicia hai moitos ditos, refráns, cantigas... que falan das castañas, dos castiñeiros, dos soutos...

Aquí tes algúns por se os queres aprender.

Recitado:

*A castaña no ourizo
eu ben sei o que fai
se é que está verde, madura
se é que está madura, cai.*

Cantiga:

*A castaña no ourizo
eu ben sei o que ela fai:
de pequeniña medra,
despois de madura cae.*

Refrán:

*Castaña que está no camiño
é do veciño*

Adiviña:

*Altos pais
peludas nais
fillos con peles
Adiviña se queres*



- Agora le a burla e a mentira seguintes, e cos compañeiros e compañeiras trata de inventar ti outras.

Burla:

¿Como te chamas?

Come castañas.

Eu as como,

e tí as apañas

_____	_____
_____	_____
_____	_____
_____	_____



Mentira:

O carballo dá castañas,

o castiñeiro cereixas,

o pexegueiro da horta

está cargado de ameixas.

_____	_____
_____	_____
_____	_____
_____	_____



• As castañas son un alimento moi san e moi rico; pódense preparar de diferentes maneiras. Aquí che vai unha receita para que a prepares e a disfrutes

Puré de castañas

Ingredientes: Castañas, leite, sucre.

*Primeiro cocemos as castañas en auga.
Despois sacámoslle a pela e esmagámolas,
engadíndolle unha culleriña de sucre.
Mesturámolas con leite frío.
E xa as podemos comer.*



Blank lined area for writing.

• Busca outras receitas e escribeas aquí:

Large blank lined area for writing.





• ¿Onde foron facer o magosto os nenos e nenas de Varcia?

• ¿Por que elixiron ese lugar?

• ¿Como sería o lugar que elixirías ti para facer o magosto?



• Neste debuxo hai 7 actitudes contrarias ao cuidado da natureza. Táchaas.



• Imaxina que te convirtes nunha folla. Pasou o verán e o tempo de estar co teu pai, que é o carballo. Cóntanos como será a túa vida a partir de hoxe.






• Busca no dicionario o significado das palabras e expresións seguintes:

Baleiro: _____


Enfuciñado: _____

Falcatruada: _____

Mirradas: _____



• Na columna da esquerda tes unha morea de palabras feitas coas letras M A G O S T O . Con estas palabras poderás completar o texto.



"Un día xuntáronse _ rei _____, o cabaleiro e a _____ cos animais do bosque. O moucho viña __ coa súa _____ posta na cabeza. __ coches e _____ facían moito ruído. Tan grave era a situación que o _____ rebentaba coa _____ e os choros do _____ cubrían de _____ o chan. Un _____ traía a _____ e moi enfadado dicía: "Eu metía na cadea _____ deses aparellos. Por pouco me _____ co _____". Pero o moucho coa súa sabiduría sentenciou: "non é do noso _____ isto que está pasando. Fagamos unha comida e de seguro que se convencerán. Eu axiña _____ algunha cousa para comer e coa calculadora _____ cal é o _____ que teremos para arranxar o bosque. Cando cheguen, mentres a _____ os atende ela _____, vós rodeádelos e eu _____ eses vehículos cunha _____ por se non atende _ razóns.




• Isto é unha regueifa (ou coplas cantadas ao desafío). Apréndelas e inventa ti outras novas.





• O magosto é un tempo sobre o que abundan ditos, cantigas, refráns, adiviñas...
Fai unha colleita de todas estas cousas no lugar onde vives e escribe aquí algunha.




Two sets of three horizontal lines for writing, one under each person in the illustration above.



Three horizontal lines for writing, positioned below the illustration of the man.



Three horizontal lines for writing, positioned below the illustration of the woman.



• Entre todos e todas vós facede un caderno onde apareza todo o que recollestes da cultura popular. Distribuídeo despois entre a xente da vosa comarca.

• Tamén podedes crear un arquivo de gravacións realizadas aos vosos maiores.



0 material

1 CADERNO DO/A MESTRE/A

- Neste caderno presentamos unha breve recopilación de información etnográfica sobre cada unha das festas que conforman os cadernos do/a alumno/a.

Inclúese unha breve explicación dalgunha das fichas, novas propostas de actividades e ampliación doutras existentes. Proporcionamos tamén o solucionario dalgunha actividade concreta.

2 LÁMINAS

Catro láminas con debuxos da festa que sirva de motivación e que pode ser empregada nos distintos ciclos con distintos grao de profundización; ben como marco de referencia, ben como ambientación.

O obxectivo da lámina é potenciar a observación, a expresión oral, a creatividade e a imaxinación. Ao mesmo tempo, sendo as Festas Populares o motivo do cartel, estamos favorecendo o coñecemento e a valoración dunha manifestación cultural do noso pobo, a identificación coa propia cultura e a súa autoestima.

3 CARPETAS DE FICHAS

Catro conxuntos, para os alumnos e alumnas, sobre as seguintes Festas Populares:

- O MAGOSTO
- O ENTROIDO
- OS MAIOS
- O LUME NOVO

Conteñen o seguinte material:

Un conto que, do mesmo xeito que o cartel, pode ser utilizado nos distintos ciclos, aínda que tendo presente o grao de profundidade da súa explotación didáctica.

Utilizaremos as narracións para, arredor delas, deseñar unha serie de actividades de comprensión lectora, servindo ao mesmo tempo de motivación para favorecer a


expresión oral e escrita dos alumnos e das alumnas. Procuraremos a maior interacción posíbel dos nenos e nenas co texto narrativo, fomentando o debate, o contraste de experiencias e coñecementos e a creatividade.

Doce fichas, catro para cada ciclo de Educación Primaria. Esta clasificación por ciclos é meramente orientativa, podendo o mestre ou a mestra intercambialas segundo o seu criterio.

Estas fichas pretenden o desenvolvemento de aspectos tan importantes coma o traballo en grupo, a actividade polo xogo e o movemento, a desinhibición, a percepción sensorial, a sensibilidade, a comunicación,...

Ó mesmo tempo, trataremos de traballar:

- A comprensión do texto narrativo.
- O léxico, tentando que os rapaces e rapazas enriquezan o seu vocabulario.
- A literatura oral. As cantigas, coplas, adiviñas,...teñen como obxecto conseguir que as nenas e nenos disfruten do rico acervo cultural do noso pobo.
- A investigación no medio procurando a integración dos nenos no seu contorno natural e social.



O MAGOSTO

« O magosto é unha festa de orixe pagana, posteriormente acristianada. É unha festividade solar relacionada co culto á fecundidade; de aí a súa relación directa co lume, como representación do sol, deus fecundador da terra, atributo testemuñado na propia terra a través das árbores.»

Do Magosto á castaña.SGEI/CXTG

O magosto (magusto ou castañada) é unha festa propia do outono, estación caracterizada polo languidecer da natureza. Esmorecemento manifesto no vagaroso caer das follas e na maior escuridade dos días. Celébrase no período de tempo que vai entre a segunda quincena de Outubro e a primeira de Novembro; o máis frecuente é facela coincidir co día de Todos os Santos (1 de Novembro) ou ben, como acontece nalgunhas comarcas ourensás, coa festividade de San Martiño de Tours (11 de Novembro), patrón da diócese desta provincia.

É importante suliñar a relación que se establece entre o magosto e o día de Todos os Santos, a festividade que, desde a antigüidade, se veu celebrando en dúas partes: Unha aos vivos e outra aos mortos. A dedicada aos vivos viña carecterizada pola celebración de tipo ritual denominada «castañada».

A vinculación existente en Galicia entre o magosto e a lembranza dos mortos maniféstase nalgunhas tradicións. Era habitual celebrar o magosto no adro da igrexa parroquial e, deste xeito, convidar aos nosos -nunca esquecidos- devanceiros á festa. Unha crenza extendida era a de comer moitas castañas para así liberar o maior número posíbel de almas do Purgatorio.

Ata hai pouco tempo os nenos de Viveiro facían uns rosarios ou colares de castañas cocidas, rociadas de anís, e visitaban con elas os cemiterios, coa intención de liberar as ánimas en pena.

O magosto, como festa de ensalzamento da terra e agradecemento polos froitos recolleitos, como vínculo da comunidade na que se celebra e como ritual colectivo, ten como elementos fundamentais, sacralizados simbolicamente, a castaña, o lume, o viño, a leña, as cantigas, o pan (de millo ou centeo) e os chourizos.

Parémonos un pouquiño nos tres elementos máis salientabeis: a castaña, o lume e o viño.

No adro, na adega, ao pé do forno, nas lareiras, na eira, na praza, nas alamedas, no patio da escola ou no monte, xúntanse as castañas para seren asadas. Acéndense as fogueiras e, antes de botalas no lume, fáiselles un corte para que non estoupen. Cando estouran as que non están picadas, a xente celébrao con grande algarabía.

A castaña é o elemento esencial do magosto. Castaña é unha palabra derivada da grega «kastana» que designa a unha rexión abundante en castiñeiros de Tesalia.

O castiñeiro (*Castanea sativa Mill*) foi introducido en Galicia polos romanos para aproveitaren os seus froitos e a súa madeira. Co paso do tempo as grandes extensións de soutos víronse afectadas pola enfermidade da tinta, o que supuxo, xunto coa tala masiva, unha grande merma, reducíndose os seus dominios a unha terceira parte.

A castaña, antigamente o «pan dos pobres», foi un alimento básico dos galegos ata a introducción masiva da pataca no século XVIII. E hoxe é considerada un alimento de grande valor nutritivo e múltiples posibilidades culinarias.

O seu carácter sagrado foi salientado por Manuel Murguía, quen vía no magosto a representación dun banquete funerario, no que a castaña simbolizaba a morte e o viño novo a vida.

O segundo elemento importante nesta festa é o lume, expresión do Deus-Sol. Adquire no magosto, igual que a castaña e o viño, unha connotación sacra. Di a tradición popular que nel non se pode cuspir.

Neste sentido apunta José Antonio Tarrío Fernández: « *Os celtas, poboadores tradicionais de terras boscosas, facían do lume obxecto sagrado, para as súas celebracións; desde o druídico Carnac, na Bretaña Francesa, ao Finisterre hispánico, o culto ó lume foi sempre en diferentes xeitos, o medio de expresión para o espírito; pero o que antaño foi relixión hoxe é folclore e o antigo holocausto pagá, convertíuse en festa campestre, popular e gastronómica* ».

Outro elemento a destacar no magosto é o viño, do cal alguén dixo que era o sangue da terra.

Hai un magosto dos nenos e un magosto dos mozos. Mentres a castaña é o elemento primordial no primeiro, o viño convírtese no aspecto substancial do segundo.

Dunha actividade lúdica no tempo da nenez, pasamos, no chamado magosto dos mozos e mozas, a un ritual iniciático propio do emerxer erótico da adolescencia. Os mozos e mozas, fartos xa de comer castañas, e ledos os seus corazóns pola sabrosa saíba do viño novo, entran nunha fase de troula na que os revolcóns e feluxes cos tizóns esmorecidos, fan rexurdir a tan enraizada «guerra de sexos» característica de moitas manifestacións da cultura popular.

É de novo J. Antonio Tarrío quen afirma: «*A modo de reflexión, poderíamos dicir que o magosto é unha tradición viva de terra, do pobo, chea de poesía á luz do seu lume, quen teña os ollos ben abertos verá pasar cantos de nenos, ilusión de xovenes e ternura de vellos. Na súa música fúndense silencios, palabras, esperanzas, recordos, sentimentos, loitas e dores*».

• DESCRIPCIÓN DO MATERIAL

A LÁMINA

A modo de suxerencia, para o comentario da lámina, sulñamos as seguintes cuestións:

- O ambiente no que se celebra a festa.
- O Outono e as súas peculiaridades (cores, froitos, a paisaxe,...)
- Descrición da(s) historia(s) que acontece(n) na lámina.
- ¿ En que consiste propiamente a festa ?
- O xabarín presentouse no magosto sen ser convidado. ¿ Que pinta aquí ?
- No diálogo que se estableza en torno á lámina teranse en conta:
 - Os roles asignados segundo o sexo, co fin de non reproducir actitudes sexistas.
 - A conducta participativa que se percibe nas distintas actividades.

O CONTO

A nosa proposta para traballar o conto «Facemos un magosto» consiste na elaboración de diapositivas para acompañar o relato. Para iso tentaremos entre todos establecer cales son as escenas fundamentais. Logo elaboraremos as diapositivas utilizando papel cebola, acetato, película fotográfica velada,...

AS FICHAS

1º CICLO

FICHA 1:

Con esta ficha preténdese que o neno e a nena sexan capaces de agrupar elementos a partir dunha característica común, desbotando aqueles que por algunha razón non

pertencen ao ambiente creado pola fogueira: Barco, Fonte de cidade, Coche, Palmeiras.

FICHA 2:

- *Une con frechas.*
debuxo dunha landra - carballo - carballeira.
debuxo dunha piña - piñeiro - piñeiral.
debuxo dunha mazá - maceira - pomar
debuxo dunha castaña - castiñeiro - souto

- *Pon o nome e coloreá*

- Fogueira
- Souto
- Castaña

- *Sopa de letras*

F L M
E S T O U P A R
L M G
L E O
A S
S T
C H O U R I Z O

FICHA 3:

A cantiga de Marta Sopena « O MAGOSTO » está recollida do material de Educación Infantil da Editorial Rodeira. (Grupo EDEBÉ)

FICHA 4:

Para facer a saída é necesario ter en conta o antes, o durante e o despois.

Antes de facer a saída é conveniente preparala na clase. Falamos das cousas en que nos fixaremos. Fixamos a data, o horario e o itinerario e elaboramos as normas que imos observar durante a saída.

Durante a excursión chamaremos a atención dos nenos e das nenas sobre aspectos tales como os seguintes:

- ¿Como están as árbores?
- ¿Que tempo vai?
- ¿Hai flores?
- ¿Que cores predominan na paisaxe?
- ¿Que animais ves?
- ¿Como vai vestida a xente? ¿Que están a facer?

Durante a saída tamén recolleremos follas, froitos,...para despois utilizalos na aula. Sería tamén interesante sacar diapositivas da experiencia.

Unha vez xa na aula dialogaremos sobre a saída e poderemos facer a ficha correspondente.

2º CICLO

FICHA 1:

O obxectivo perseguido con esta ficha é, partindo da comprensión do conto, desenvolver actitudes de participación e solidariedade, así como promover o respecto e coidado do medio ambiente. Antes de realizala posibilitaremos un diálogo no que se fagan preguntas do seguinte tipo.

- ¿Onde decidiron facer o magosto os rapaces e raparigas da aldea de Varcia?
- ¿Que día da semana escolleron para celebrar a festa?
- ¿Que preparativos fixeron?
- ¿Cales foron os momentos máis divertidos da festa?
- ¿Que precaucións tomaron os nenos e as nenas para que o lume que prenderon non queimara o monte?

FICHA 2:

- *Une con frechas*

medrar - aumentar - crecer
carreiro - corredoira - camiño
cargado - cheo - acugulado

- *Partes do corpo humano*

Neno: cabeza, cellas, orellas, fazulas, nariz, pescozo, cóbado, mans, cadrís, lombo, cu, pene, nocellos

Nena: fronte, ollo, pestanas, beizos, queixo, ombreiro, pulso, peito, embigo, vulva, coxas, xeonllos, pé

- *Fai como no exemplo:*

Cantar	cantigas		
Vivir	vidas	Pensar	pensamentos
Beber	bebidas	Comer	comidas
Xogar	xogos	Rir	risas

FICHA 3:

Solución da adiviña:

Castiñeiro, ourizo e castaña.

FICHA 4:

En relación a esta actividade sería interesante montar un taller de cociña de tal xeito que non se reducise a un simple traballo escrito.

Poderíamos tamén crear un libro de receitas que pasaría a englosar a nosa biblioteca de aula.

3º CICLO**FICHA 1:**

Outras preguntas que poden favorecer a comprensión do conto serían as seguintes:

- ¿ Que cousa utilizaron os rapaces da Varcia para asar as castañas?
- ¿ Por que se enfadou Sabela?
- ¿ Que hai que facer coas castañas antes de botalas ao lume?
- ¿ Como se divirten os nenos e as nenas no magosto?
- ¿ Como remataron a festa os nenos e nenas da aldea de Varcia?
- Antón non viña con Olaia e Afonso porque tiña que facer un recado. Imaxina o que tivo que facer.

FICHA 2:

- Este é o texto que resultaría despois de colocar as palabras feitas coas letras M A G O S T O.

« Un día xuntáronse o rei mago, o cabaleiro e a sota cos animais do bosque. O moucho viña só coa súa toga posta na cabeza. Os coches e as motos facían moito ruído. Tan grave era a situación que o oso rebentaba coa tos e os choros do gamo cubrían de gotas o chan. Un gato traía a soga e moi enfadado dicía: «Eu metía na cadea aos amos deses aparellos. Por pouco me mato co gas». Pero o moucho coa súa sabiduría sentenciou: «non é do noso gusto isto que está pasando. Fagamos unha comida e de seguro que se convencerán. Eu axiña aso algunha cousa para comer e coa calculadora taso cal é o gasto que nos custará arranxar o bosque. Cando cheguen, mentres a osa os atende ela soa, vós rodeádelos e eu ato eses vehículos cunha goma por se non atenden a razóns.

FICHA 3:

Pode ser de interese a audición de distintos tipos de xéneros musicais populares: Regueifas, cantos de cego, cantos de nadal, foliadas, alalás, muiñeiras, alboradas,...

FICHA 4:

Ao mesmo tempo que introducimos as técnicas periodísticas, podemos traballar a función da prensa como testemuña dunha época e fonte documental.

A elaboración do arquivo cobra especial relevancia se atendemos á importancia que os medios audiovisuais teñen na nosa sociedade.